



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E UN DE DECEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 21:10 horas do día vinte e un de decembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o catorce de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1833/10 de dona Sonia Gómez Nadal e don Rafael Carrillo Tejo.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en A Estrada, solicitan licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Galegos -Santa Cruz de Ribadulla, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta; num. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,40 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Eduardo Barrón del Pozo cun orzamento de 104.014,48 euros.



O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co contorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e da conexión ao servizo público de alcantarillado de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia e da empresa que leva a xestión do servizo municipal.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada para o efecto (78,07 m²).

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil oitenta euros con vinte e nove céntimos (#2.080,29#)

2.2.- Instancia num. 514/10 de don Ricardo Picanes Mosquera.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ames, solicita licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Sarandón -San Miguel de Sarandón, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; num. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Manuel Vidal García cun orzamento de 75.218,46 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza, debendo antes de comezar as mesmas presentar no concello o oficio e dirección do arquitecto técnico e certificación da empresa subministradora de enerxía eléctrica que garanta a subministración da vivenda proxectada.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:



1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co contorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m e debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada para o efecto (478,00 m2).

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos catro euros con trinta e sete céntimos (#1.504,37#)

2.3.- Instancia num. 2.016/10 de don Manuel Tato Balboa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para proceder á parcelación da leira num. 411 de concentración parcelaria de Sarandón, situada en Cubelas, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e como solo rústico de protección agropecuaria (R-2) en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Manuel Pena Alonso.

A Xunta de Goberno, a vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da finca 411 nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.4.- Instancia num. 2.015/10 de don Manuel Tato Balboa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para proceder á parcelación da leira num. 330 de concentración parcelaria de Sarandón, situada en Cubelas, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e como solo rústico de protección agropecuaria (R-2) en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Manuel Pena Alonso.



A Xunta de Goberno, a vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da finca 330 nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre licenza urbanística para a legalización da actividade de panadería e pastelería en Ponte Ulla

Á vista da solicitude presentada por Francisco J. García Rendo, en representación de O Forno da Ulla, S.L., para legalización para recoñecemento da actividade de panadería e pastelería no lugar de Ponte Ulla da parroquia de Ponte Ulla e no relativo á licenza urbanística; en cumprimento do trámite establecido no artigo 196.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, dado que con data do 14 de decembro de 2010 a Xunta de Goberno acordou a proposta de resolución favorable para recoñecemento da actividade de panadería e pastelería en Ponte Ulla (Ponte Ulla), nos termos do disposto no mencionado artigo.

En cumprimento do trámite establecido no citado artigo 196 e á vista do contido do informe desfavorable emitido polos Servizos Técnicos Municipais en relación coa licenza urbanística.

A Xunta de Goberno acorda:


PRIMERIO.- Deixar sen efecto a proposta de resolución favorable para recoñecemento da actividade de panadería e pastelería en Ponte Ulla (Ponte Ulla) e, en consecuencia, denegar a licenza solicitada por Francisco J. García Rendo en representación de O FORNO DA ULLA, S.L., para recoñecemento da actividade de panadería e pastelería en Ponte Ulla, en tanto non se teña aprobado o Plan Especial de Protección do Núcleo de Ponte Ulla (PE-1), previsto no vixente PXOM.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo en forma unitaria ao interesado, en función do disposto no artigo 196.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación núm. 2 e final da obra de *Instalación de ascensor adaptado na Casa de Cultura de Santa Cruz*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra de *Instalación de ascensor adaptado na Casa de Cultura de Santa Cruz*, incluída na última fase do *Plan de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2008-2011 da Deputación Provincial*, e máis da factura num. OCV.013 da empresa adxudicataria, Promotora Matimán, S.L, por importe de trinta mil cincocentos dez euros con sesenta e catro céntimos (#30.510,64#), sendo o director da mesma o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez.



A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

5º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas para a adxudicación do servizo de xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas para a adxudicación do servizo de xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra, cuxo contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos tal e como establece o artigo 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de decembro do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Carmen Louzao Picón a incorporación inmediata ao Servizo de Axuda no Fogar, se lle modifica a dona Isaura Neira Sinde e a dona Virtudes Camino Millán a cobertura horaria do dito servizo .

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de decembro do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Vanessa Crespo Souto a prórroga do seu contrato como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello ata o 18/12/2011.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de decembro do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Miriam Fernández Neira a indemnización correspondente por finalización de contrato.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7º.- Outros asuntos

7.1.- Escrito núm. 2077 da Dirección Xeral de Administración Local.

Dáse conta do citado escrito no que se nos informa da sinatura do convenio entre a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, requisitos a cumprir para a adhesión e prazos.



A Xunta de Goberno, á vista do dito escrito acorda:

1.- Solicitar a adhesión ao dito convenio .

Conclúe ao fio das vinte e duas horas

